

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 10 DE ABRIL DE 2014**

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:05 horas do 10 de abril de 2014, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnense no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, ós efectos de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias  
D. Miguel Neira Ojea  
D<sup>a</sup> Natalia Álvarez Diéguez  
D<sup>a</sup> María Mercedes Ana Moldes Ares  
D. Luis Victorino Arias Fernández  
D. Aurentino Alonso Araújo  
D. Julio Fernández Arias  
D<sup>a</sup> María Irene Dacal Feijoo  
D. Moisés Blanco Paradelo  
D. Arsenio Moldes Gómez  
D. Carlos Javier Crespo Díaz  
D<sup>a</sup> Nieves Rodríguez Voces  
D<sup>a</sup> María Estela Delgado Fernández  
D. Antonio Melo García  
D<sup>a</sup> Manuela Rodríguez Vázquez  
D Vitor Manuel Sierra Nieves

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez .

Declarado aberto o acto polo Sr. alcalde-presidente, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

**1º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo a expediente de modificación orzamentaria crédito extraordinario 01/2014, financiado parcialmente co expediente de baixa por anulación 01/2014.**

Dá conta o sr. Alcalde do ditame da Comisión de Facenda de data 7 de abril de 2014, e manifesta que co asunto incluído neste punto da orde do

día preténdese aprobar un crédito extraordinario con fontes de financiamento concretamente unha baixa por anulación e o remanente de tesourería para gastos xerais. Di que son uns gastos que evidentemente hai que afrontar pois son necesarios executar, que son gastos novos que non estaban previstos nos orzamentos e tamén unha factura que hai que imputar pois non se puido facer ao ano 2013 e hai que imputala ao ano 2014.

Non producíndose debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por dezaseis votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo, Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez ) e unha abstención (do concellerio sr Sierra Nieves) o Pleno acorda:

**1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación orzamentaria crédito extraordinario 01/2014, parcialmente financiado co expediente de baixa por anulación 01/2014, e parcialmente co superávit/remanente de tesourería para gastos xerais.**

**2.- Exposición por quince días hábiles, mediante anuncio no taboleiro de edictos e no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (artigo 169.1. TRLRFL). Se houbera reclamacións, serán resoltas polo propio Pleno no prazo dun mes, e se non houbera reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, debendo procederse en ámbolos dous casos á publicación da devandita aprobación definitiva e do resumo por capítulos do Orzamento Xeral modificado, así coma á remisión de copia do expediente á Administración do Estado e á Xunta de Galicia. A modificación, no seu caso, entrará en vigor unha vez publicado o correspondente acordo na forma prevista no artigo 169.3. TRLRFL.**

**2º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo a expediente de modificación orzamentaria suplemento de crédito 01/2014.**

Dá conta o sr Alcalde do ditame da Comisión de Facenda de data 7 de abril de 2014, e sinala que trátase dun suplemento de crédito financiado co superávit do remanente de Tesourería para gastos xerais. Afirma o Alcalde que a contabilidade do concello do Barco no ano 2014 tamén é positiva en 601.957€, e que ese remanente é o que financia un crédito extraordinario para facer fronte ás facturas que chegaron despois do 20

de xaneiro, data na que se pechou o orzamento este ano para remitir os datos da contabilidade ao Goberno central. Di que o suplemento de crédito ascende a 93.359,37€ e que tamén van, ademais das facturas, as subvencións das ANPAS e as dos clubs deportivos que non se puideron incluír no 2013 e inclúense no 2014 como suplemento para que as partidas deste ano queden para o ano actual, que cobrarán xa as subvencións do ano 2013 e as do ano 2014 cando salgan as bases e se concedan as subvencións.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, o sr. Blanco Paradelo, quen di que os puntos 2 e 3 da orde do día están relacionados polo que vai facer a intervención polo punto 3 e que tamén vale para o punto 2. Di o sr. Blanco que o seu Grupo vai votar en contra porque entenden que aínda que a explicación do Alcalde está ben, a realiza fai dende o seu punto de vista e o que o seu Grupo precibe é novamente descontrol no gasto corrente como xa dixo no debate de orzamentos do pasado pleno, pois o recoñecemento extraxudicial ascende a 97.163,57€, que son máis de quince millóns das antigas pesetas. Di que tamén se ve a falta de planificación pois ás ANPAS van cobrar neste ano a subvención do ano pasado e que aínda que ao sr. Alcalde lle pareza normal ao seu Grupo non. Prosegue afirmando o concelleiro que o asunto que se está a debater ven con informe claro de desconformidade de Intervención e ademais con informe suspensivo da tramitación do expediente, que é un informe demoledor, como son habituais no Concello e que parece que ao sr. Alcalde non lle preocupa demasiado, e que o expediente inclúe facturas que veñen fóra de prazo de gastos que xa tiñan que estar imputados e sobre todo se fai referencia a algo que lle compete directamente ao sr Alcalde, e son as facturas que non teñen a proposta de gasto establecida, polo que se incumpre, di o concelleiro, a base 40 da execución de orzamento do ano 2013. Afirma o voceiro que hai un descontrol do gasto e un aumento de gasto corrente e nestes momentos habería que reducir o gasto corrente, polo que o voto do seu Grupo é contrario á xestión do Grupo de Goberno, polo que van votar en contra da aprobación do presente punto.

Concédeselle a palabra ó concelleiro do BNG o sr. Sierra Nieves, quen di que vai votar en contra neste punto, e non só polo descontrol do gasto corrente senón pola falta de previsión a que ten acostumbrados o equipo de Goberno e que ó final o actual goberno é un goberno da improvisación.

O sr. Alcalde afirma que el tamén vai falar dos puntos 2 e 3, pois como dixo o sr. Blanco son consecuencia un do outro co obxecto de aclarar os

os calificativos de descontrol, falta de previsión e improvisación, porque ao mellor non existe o descontrol do que se fala. Di que asume a súa responsabilidade como Alcalde pero que el non pecha os expedientes, que, por exemplo a factura da Xunta de Compensación da R-2, de 773€, tivo entrada no Concello o 18 de marzo de 2014, polo que non hai nin improvisación nin descontrol, que tamén hai unha serie de facturas que non entraron porque probablemente non había aplicación presupostaria, pero que soamente son 5 facturas que suman algo máis de 1.500€ e que as demais teñen rexistro de entrada dende o 23 de xaneiro ata o 26 de marzo de 2014 polo que non existe falta de previsión cando o exercicio pechouse o 20 de xaneiro de 2014. Prosegue dicindo que hai 34.743€ dunha factura de canons de auga, que se recibiu o 26 de marzo de 2014, facturas por importe de 29.363€ en enerxía eléctrica que entraron, como dixo antes, cando estaba pechado o exercicio e que todas esas facturas só se poden aprobar polo Pleno mediante un recoñecemento extraxudicial de crédito, polo que non se pode falar tan alegremente de descontrol nin de improvisación pois ata o informe de Intervención sinala que son facturas presentadas fóra de prazo polo que non se lle pode exixir responsabilidade ao equipo de goberno a mora na remisión das facturas. Di o alcalde que para poder pagar esas facturas débese acudir ao recoñecemento extraxudicial de crédito, que estase a falar dun 1,2% do orzamento e que todas as facturas, excepto aquelas que responden ata un importe total de 1.500€, recibíronse no Concello fóra de prazo, que se trata dun mero trámite que se fai en todas as administracións, que é un proceso absolutamente normal. Remata dicindo o sr. Alcalde que non se pode falar tan á lixeira deste tema, que habería que pedir un pouco máis de rigor pois non se está axustando realmente á verdade.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular quen fai uso dela para dicir que se alegra de que o sr. Alcalde diga que se trata dunha cantidade ridícula, pois iso demostra que nos propios orzamentos asinouse unha cantidade ridícula por exemplo para o fomento dos emprendedores ou a creación de postos de traballo. Di que o que se está a ver durante moitos anos son os informes de Intervención e pasa a dar lectura dalgunhas partes de ditos informes.

Concédeselle a palabra ao sr. Sierra Nieves que fai uso dela para dicir que se atopan nunha situación que parece a lei do embudo, sendo ancho para o alcalde e estreito para todos os demais. Di que o Alcalde fala de porcentaxe ridícula e ese é o adxectivo que habería que poñer as partidas de impulso de economía produtiva, de creación de emprego, de servizos sociais ou as de cultura e educación.

Fai uso da palabra o sr. Alcalde para dicir que cando falou de porcentaxe ridícula referíase fundamentalmente aos mil e pico euros que son os únicos aos que había que habilitar partida, que segundo o informe de Intervención non se entrou a debater si houbo imprevisión ou non con todas esas facturas pois entraron fóra de prazo, e que el pode asegurar que moitas desas facturas tiñan partida e había fondos porque senón non habería 600.000€ de superávit, que cando chegou ao Concello do Barco xa estaba a norma, pensa que acertadamente, e a respectou, de que se aprobaban facturas ata o día 31 de xaneiro, para intentar pagar as máximas posibles porque no ano 2014 non se pode pagar unha factura do 2013 aínda que houbera partida no seu día, pero ata o 31 de xaneiro considerábase que se pagaban por unha resolución da Alcaldía, pero este ano ordenaron pechar a contabilidade en xaneiro, que segundo o informe de Intervención habería enriquecemento inxusto se non se pagaran estas facturas, pero que se van a pagar agora, e que en relación coa mora na aprobación das facturas hai que ter en conta que si se aproban hoxe hai menos de 30 días para a súa aprobación dende que se recibiron, e o prazo legal de aprobación son 30 días. Prosegue a intervención o Alcalde dicindo que a Base 40 é un control que se puxo o equipo de Goberno a el mesmo para que en todo momento se levara o control do gasto e pon de manifesto que se leva ese control do gasto e que todos os anos, dende que está o seu Grupo no goberno, houbo superávit, e que a Base 40 non é obrigatoria polo que poden quitala e non o fan, pois prefiren que o Interventor siga facendo esas chamadas á orde, e que en calquera caso a proba da boa xestión económica deste Concello son os 601.957€ de superávit e o 1.037.116,22€ de remanente de Tesourería para gastos xerais.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e oito en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez e Sierra Nieves) o Pleno acorda:

**1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación orzamentaria suplemento de crédito 01/2014, financiado co superávit/remanente de tesourería para gastos xerais.**

**2.- Exposición por quince días hábiles, mediante anuncio no taboleiro de edictos e no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (artigo 169.1.**

**TRLRFL). Se houbera reclamacións, serán resoltas polo propio Pleno no prazo dun mes, e se non houbera reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, debendo procederse en ámbolos dous casos á publicación da devandita aprobación definitiva e do resumo por capítulos do Orzamento Xeral modificado, así coma á remisión de copia do expediente á Administración do Estado e á Xunta de Galicia. A modificación, no seu caso, entrará en vigor unha vez publicado o correspondente acordo na forma prevista no artigo 169.3. TRLRFL.**

**3º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo a expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 01/2014.**

Sen debate, dada conta do ditame da Comisión de Facenda de data 7 de abril de 2014, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e oito en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez e Sierra Nieves) o Pleno acorda:

- 1.- Levantar os reparos suspensivos emitidos polo Adxunto á Intervención no informe de fiscalización previa de 03/04/2014.**
- 2.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 01/2014, condicionado á aprobación definitiva dos expedientes de modificación orzamentaria que dotan o crédito necesario para proceder ao mesmo.**

**4º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo a concesión bonificación no ICIO solicitada por Dª Gemma Núñez Docampo.**

O sr. Alcalde dá conta do ditame de 7 de abril de 2014 adoptado por da unanimidade e di que a actuación consiste na reposición de porta de madeira no Castro.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**1.- Declarar a obra descrita nos antecedentes, de interese histórico artístico e cultural, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.1. da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.**

**2.- Proponer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% na cota do ICIO.**

**5º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo a concesión bonificación no ICIO solicitada por D Pedro Núñez Moldes.**

O sr. Alcalde dá conta do ditame de 7 de abril de 2014 adoptado por da unanimidade e di que a actuación consiste en obras menores de reconstrución no Castro.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**ACORDAMOS:**

**1.- Declarar a obra descrita nos antecedentes, de interese histórico artístico e cultural, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.1. da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.**

**2.- Proponer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% na cota do ICIO.**

**6º Ditame da Comisión Informativa de Cultura relativo a dar nome dunha rúa ao que foi párroco de Viloiira D. Bienvenido Miguélez Ramos.**

O sr. Alcalde dá conta do ditame de 27 de marzo de 2014.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, o sr. Blanco Paradelo, quen di que como ben se recolle nos antecedentes que figuran no expediente, despois da aprobación dunha moción presentada polo seu Grupo para iniciar os trámites para nomear unha rúa en Viloiira como D. Bienvenido Miguélez Ramos, chégase neste día a dar o nome a esa rúa. Di o concelleiro que a emenda de adición que presenta o seu Grupo é para incorporar como punto número 2, e o 2 que pasara ao punto número 3, no ditame da Comisión informativa, que con

ilo queren darlle maior relevancia e importancia á personalidade, á memoria e á lembranza de D. Bienvenido e que o texto dese punto número 2 que se propón engadir é o seguinte:

*-Que o xardín completo (incluíndo o parque infantil e os diferentes accesos), situado na parte traseira da Casa Grande de Viloira pase a denominarse "PARQUE BIENVENIDO MIGUÉLEZ".*

Concédeselle a palabra ao sr. Ojea Airas, concelleiro delegado de cultura, quen di que o seu Grupo, con respecto á emenda de adición presentada polo PP, ten a ben dicir que cando se levou á Comisión de Cultura a proposta, que a súa vez foi presentada por escrito por un gran número de veciños de Viloira, debateuse e saíu cun ditame aprobado maioritariamente, por iso é a proposta hoxe do grupo de Goberno. Di o concelleiro que esta emenda de adición ven a dicir que a proposta presentada polos veciños se deixe enriba da mesa pois é cativa, e xa que non é a proposta veciñal non sabemos se os veciños estarían de acordo con esa modificación. Di o sr. Ojea que pensa que o Grupo municipal do PP quere xustificar con esta emenda dalgún xeito a abstención que fixo na Comisión de Cultura. Remata o concelleiro dicindo que esta emenda ven a desvirtuar a proposta orixinal aprobada na Comisión, polo que o seu Grupo non vai votar a favor da emenda presentada, pois sería outra proposta distinta da que ven a este Pleno.

Concédeselle a palabra ao voceiro do BNG, o sr. Sierra Nieves, quen di que está vendo que en breve o PP propondrá cambiar o nome de Viloira polo nome do cura. Di que por moito que propoñan na emenda que os xardíns se chamen co nome de Bienvenido Miguélez, os xardíns van seguir sendo da Casa Grande polo que cre que non ten ningún sentido esa emenda. Di o concelleiro que o cura do que se está a falar procede dun bispado dos máis retrógrados que non quere entender un procedemento normal totalmente habitual noutros bispados, como é a apostasía, por exemplo, e que ese cura simplemente fixo o seu traballo nada máis, entón cada vez que morra un mecánico ou morra un labrador por facer o seu traballo, haberá que buscar rúas para poñerse os seus nomes. Di o voceiro que probablemente os veciños do entorno máis próximo ao PP digan que este señor era moi bo, pero que se lle preguntan a outros veciños tamén de Viloira dirán o contrario. Di que o seu Grupo non está en contra de que se lle poña a unha rúa o nome deste cura, si os veciños así o queren, pero que si os membros do PP queren renderlle homenaxe a ese cura o que deben de facer é crear unha asociación ou unha fundación que



traballe e promova os valores deste home e non hipotecar unha rúa co seu nome.

Di o sr. Blanco Paradelo que non esperaba menos do sr. Ojea pois nunca rectifica en nada, que sabe como é polos debates que ten tido na Comisión de Cultura. Di que non se desvirtúa a proposta, pois a emenda é de adición, e estase a manter a proposta orixinal engadindo a emenda, que as sinaturas das que fala o sr. Ojea son importantes pero cando se fixeron neste Concello cambios de rúas non lle preguntaron absolutamente a ninguén e os aprobaron ou cando cambiaron o sentido de dirección de tráfico nalgúnhas rúas tampouco consultaron con ninguén. Di o sr. concelleiro que con respecto ás sinaturas, preséntanse unhas setenta sinaturas dunha zona onde residen entre 700 e 800 persoas e que pensa que iso non ten o peso para apoiar a decisión do equipo de goberno, que non se ten que chegar a esto cando houbo un acordo plenario unánime. Remata dicindo o sr. Blanco que aínda que non se acepte a emenda o seu Grupo vai a votar a favor da proposta.

Concédeselle a palabra ao sr. Ojea Arias que di que non quere polemizar co persoeiro, que por riba foi seu compañeiro de traballo, pero que no acordo plenario a que fai referencia o sr. Blanco, unicamente se quedou, e así está recollido na acta, en buscar unha rúa de forma consensuada e aquí está esa posibilidade, que os xardíns, como dixo o voceiro do BNG, chamémoslle como lle chamemos, sempre serán os xardíns da Casa Grande, como foron toda a vida e seguirán sendo, que os veciños de Viloira o único que queren é que a ese párroco de alí, nalgún momento determinado, se lle poda facer unha homenaxe e que o seu nome estea presente e que para eles o lugar é igual xa que o que queren é que non se esqueza a xente no futuro desa persoa. Remata dicindo o sr. Ojea Arias que esta proposta non é do grupo de goberno senón que o que fixo o equipo de goberno foi facerse eco da que presentaron os veciños, que non queren polemizar e que eles fan súa dita proposta.

Procédese á votación da emenda presentada polo Grupo Municipal do P.P. co resultado de que por sete votos a favor (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez) e dez en contra (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo e Sierra Nieves), o Pleno acorda rexeitar a emenda presentada.

De seguido, procédese á votación ordinaria do ditame da Comisión de Cultura, co resultado de que por dezaseis votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo, Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García e Rodríguez Vázquez ) e unha abstención (do concellerio sr Sierra Nieves) o Pleno acorda:

**1.- Que o tramo comprendido entre a Praza Ramón Otero Pedrayo e a pasarela peonil de Viloirá pase a denominarse PASEO BIENVENIDO MIGUÉLEZ.**

**2.- Comunicar á Delegación Provincial de Estatística o cambio que se propón.**

## **FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

### **1 Rogos e preguntas.**

Pide a palabra o sr. Sierra Nieves quen, unha vez concedida, di que quere facer un rogo e unha pregunta. Di que o Alcalde sempre se escuda en que noutros concellos tamén pasa o que pasa aquí, pero que tamén hai concellos nos que xestionan moito mellor o presuposto. Afirmar que neste Concello están a espera dos proxectos de impulso da economía e posta en valor do monte que tanto prometeu o Alcalde logo dos lumes do 2012, pero que noutros concellos tamén se xera emprego e trabállase pola promoción dos emprendedores mentres que no do Barco de Valdeorras en cada lexislatura se cae máis no particular xeito de contratar que ten o equipo de goberno e que cando non é creando unhas bases adecuadas é recomendando aos traballadores que denuncien para ser readmitidos ou facer chamadas persoais obviando a listaxe que envían do servizo de colocación, que o Alcalde escúdase en que é normal porque pasa noutros concellos e que con iso o que fai é chamar parvos aos veciños do Barco. Prosegue o sr. Sierra preguntando que fan as brigadas municipais nunha finca privada do Castro facendo obras durante varios días e que lle consta que van a estar bastante tempo e canto custan esas obras.

Di o sr. Alcalde que datos concretos non lle pode dar, que llos dará na correspondente comisión, pero que lle vai a contestar á maioría do que dixo que foi todo unha falsidade, posto que o das bases adecuadas é falso porque no ano 2000 fixéronse unhas bases de contratacións temporais

que se seguen mantendo para todo tipo de contratacións, adaptando e cambiando exclusivamente o específico de cada praza, que xa ten explicado repetidamente na Comisión de Persoal que para o caso de que un traballador por lei estea en situación de indefinidade por suposto que o Alcalde lle di que si fora el iría ó Xulgado a reclamar ese dereito, porque ademais a Lei di que o Concello non pode declarar a un traballador indefinido senón que so o pode declarar un xuíz, e no caso de que se lle rescindira o contrato por falta de subvención evidentemente reclamaría e sería indefinido, polo tanto o normal hai que elevalo á categoría de normal. Di o Alcalde que en relación á pregunta de que fai a Brigada no Castro xa llo explicará na Comisión de Obras.

Fai uso da palabra o sr. Sierra que pregunta se non se pode explicar publicamente.

Di o sr. Alcalde que si, que é por un problema de acceso ao depósito de augas do Castro, que xa o explicou na Comisión no seu día e que agora llo vai a explicar o concelleiro de Medio Rural.

Fai uso da palabra o sr. Arias Fernández, concelleiro de Medio Rural, quen di que existe un compromiso xa dende o mandato de D. Julio Gurriarán Canalejas, para facer un acceso que custaría agora máis de cen mil euros, que houbo ameazas do dono de ir ao Xulgado se non se lle facía a cesión. Di que se negocia con el e por iso esta facendo a obra a Brigada municipal, que ó final por pouco diñeiro o Concello queda co acceso e cunha finca de 10.000 metros.

Di o Alcalde que a realidade é que dende sempre estase accedendo ó depósito do Castro por unha finca privada, e que ó final o concelleiro de Medio Rural resolveu o tema dunha forma moi beneficiosa para o Concello, que cando se vexan as contas do custo verase que son ridículas.

Di o sr. Sierra Nieves que en relación coas bases de contratación non son sempre as mesmas e que cando se ía a contratar unha técnico de xuventude e deportes daba unha puntuación esaxerada, por ser autónoma e por ter traballado para esta Administración, que esas bases estaban feitas para esa persoa. Di o concelleiro que moito antes de ser contratada esa persoa el tiña o nome ó mesmo que todo O Barco, porque as bases estaban creadas para ela, como pasou con moitas outras bases, que pon ese exemplo porque é o máis recente.

Di o sr. Alcalde que o que non pode o sr. Sierra é falsear a realidade, pois non hai nin unhas soas bases deste Concello nas que non se valoren, porque así o di a Lei, o tempo traballado para a Administración e o tempo traballado en empresas, para dar opcións a todos.

Di o sr. Sierra que agora vai facer un rogo. Di que se acaba de constituír a Plataforma de Emigrantes Retornados polo que roga o posicionamento do Concello ante este grande problema, pois o que está a facer o Estado supón un roubo para toda esta xente e o Concello, e nomeadamente o Alcalde, debería posicionarse neste problema.

Di o sr. Alcalde que o Concello se posicionou ante todos os que están afectados e que faláron con el, e que claramente lles dixo que contan o seu apoio para todo o que faga falta, pois evidentemente todos os cidadáns teñen que pagar os impostos pero é certo que neste caso pensa que se conduciu a engano aos propios retornados coa non presentación desas declaracións e que cando menos o Estado debería ter sido o suficientemente xeneroso, como mínimo, para non poñer sancións e multas. Di o Alcalde que non pode quedar ningunha dúbida de que o Alcalde está total e absolutamente posicionado a favor desta xente e en contra desas medidas que tomou o Goberno para que pagaran o que non pagaron no seu día, porque na maioría dos casos non o fixeron con ánimo de defraudar senón porque se lle dicía que non o tiñan que declarar.

## **2 Dación de contas: Informe das resolucións da Alcaldía dende o nº 111/14 ata o nº 183/14 e das actas da Xunta de Goberno Local de 6, 13, 20 e 27 de marzo de 2014.**

A Presidencia dá conta das Resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen dende o nº 111/14 ata o nº 183/14 e das actas da Xunta de Goberno Local de 6, 13, 20 e 27 de marzo de 2014.

Non habendo máis asuntos que tratar, polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 20:15 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

Jesús Tallón García

O alcalde

Alfredo L. García Rodríguez